

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE ANÁLISE DA MÚSICA DOS SÉCULOS XX-XXI (I)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016 do 24 de novembro)

A presente programación inclúe anexos de adaptación ás Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: Análise da música dos séculos XX-XXI (I)										
ESPECIALIDADE:	Dirección				ITINERARIOS:	Dirección				
CARÁCTER:	Disciplina obrigatoria				TIPO DE CLASE:	Colectiva				
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:	Dna. M ^a Paz Pita				
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Mario Seoane Blanco
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1
ECTS/CUAD.							3		Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	D. Mario Seoane				marioseoane@edu.xunta.es		Venres 9:00 – 10:00 Aula electroacústica			

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo e análise das obras musicais do século XX ata a actualidade, centrándose especialmente no repertorio para grandes formacións, atendendo aos seus materiais construtivos, estilísticos, e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Principais compositores/as, escolas e tendencias de creación musical. Novas grafías. A obra para coro, banda e orquestra dos/as compositores/as galegos/as do século XX ata a actualidade. Estudo e análise das súas obras máis representativas. Características principais. Desenvolvemento de proxectos de interpretación deste repertorio.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os propios do remate dos estudos de grao profesional e de técnicas compositivas
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Composición, Interpretación, historia da música, pedagogía da linguaxe musical, jazz.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X4, X10, X11, X12, X13, X15, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED1, ED2, ED3, ED7, ED8, ED10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 171/2016 do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1-Coñecer de forma teórica e práctica os procedementos e ferramentas da análise da música do S.XX a todos os niveis: harmónico-contrapuntístico, melódico-interválico, motivico, rítmico, textural, tímbrico, dinámico, macro- e micro-estructural...	T1, T2, T3, T4, T8, X4, X10, X11, X12, X13, X15, X23, ED1, ED2, ED3, ED7, ED8, ED10
2-Ser capaz de establecer relacións entre distintas estéticas, autores, estilos, así como de avaliar a	T1, T2, T3, T4, T8, X4,

utilización de ideas e procedementos extra-musicais.	X10, X11, X12, X13, X15, X23, ED1, ED2, ED3, ED7, ED8, ED10
. 3-Ser quen de establecer relacións entre a teoría e o resultado na práctica, sobre a funcionalidade da obra, tratamento do tempo, do espazo sonoro, da instrumentación e orquestración.	T1, T2, T3, T4, T8, X4, X10, X11, X12, X13, X15, X23, ED1, ED2, ED3, ED7, ED8, ED10

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Metodoloxías analíticas I	1.1 Os métodos analíticos existentes e a súa adaptación ás novas linguaxes. 1.2 O método analítico propio. Cómo deseñalo.	1
2. Autores e linguaxes anteriores á segunda guerra mundial	2.1- A modalidade moderna. 2.2 O impresionismo musical e escolas folcloristas. 2.3 O expresionismo musical. O timbre como elemento estruturador. Serialismo. 2.4 Os avances na orquestración e na configuración instrumental antes da Segunda Guerra Mundial.	11
4-Exposición e debate	traballos monográficos + proba.	2
5- Repaso dos contidos do cuatrimestre		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	1		1
Exposición maxistral: Exposición dos principais aspectos teóricos a tratar nos diferentes temas. Ca finalidade de facilitar así a comprensión e posterior práctica tanto individual como colectiva.	6		6
Exposición práctico-teórica: Realización de análises prácticos que exemplifiquen e profundicen no tratado na exposición maxistral e que sirvan de modelo de traballo para o/a alumno/a.	3		3
Práctica individual: Permite a práctica non presencial do tratado tanto nas sesións de exposición maxistral coma nas de exposición práctico-teórica, así como a preparación das de práctica colectiva.		42	42
Práctica colectiva: Permiten a posta en común do traballo de análise práctico proposto para a práctica individual.	2		2
Lectura guiada e comentario de fontes: Lectura e debate no aula de pasaxes escollidas dos compendios de análise musical máis salientábeis.	1	10	11
Pescuda de información: Pescuda de textos e partituras axeitados á materia. Análise e comentario dos mesmos.	1	8	9
Exposición e debate de traballos: Exposición no grupo e posterior debate sobre o traballo monográfico realizado o longo do cuatrimestre.	2	9	11
Titorías: Orientación e dirección dos proxectos individuais.		5	5

Avaliación: Valoración e ponderación dos traballos individuais.Revisión das cualificacións.	2 (fora de docencia)		
TOTAL HORAS:			90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Corrección de traballos individuais axustados ós contidos do cuatrimestre	O rendemento diario e a calidade do traballo personal será unha ferramenta fundamental, aparte aparte das probas e traballos, na avaliación do alumno.	T1, T2, T3, X4, X10, X11, X13, X15, ED1, ED3, ED7, ED8.	40%
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuatrimestre.	Realización, exposición e debate dun ou varios traballos de análise musical que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuatrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	T3, T4, T8, X12, X13, X15, X23, ED2, ED7, ED8, ED10.	60%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Corrección de traballos individuais axustados ós contidos do cuatrimestre	O rendemento diario e a calidade do traballo personal será unha ferramenta fundamental, aparte aparte das probas e traballos, na avaliación do alumno.	T1, T2, T3, X4, X10, X11, X13, X15, ED1, ED3, ED7, ED8.	40%
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuatrimestre.	Realización, exposición e debate dun ou varios traballos de análise musical que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuatrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	T3, T4, T8, X12, X13, X15, X23, ED2, ED7, ED8, ED 10.	60%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) máis de catro faltas conleva a perda de avaliación continua.			
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuatrimestre.	Realización, exposición e debate dun ou varios traballos de análise musical que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuatrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	TODAS	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Realización dun ou varios exames nos que se reflectan os contidos traballados no cuatrimestre.	Realización, exposición e debate dun ou varios traballos de análise musical que comprendan os obxectivos e contidos da materia cuatrimestral, nos que o alumno demostre atinxir os obxectivos e contidos da programación.	TODAS	100%
Observacións:			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No presente curso non hai alumnado con NEE	Ningúns



8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

➤ Análise:

- "A GUIDE TO MUSICAL ANALYSIS". Nicholas Cook.
- "ANÁLISIS DEL ESTILO MUSICAL". Jan LaRue.
- "A GUIDE TO MUSICAL STYLES: from Madrigal to Modern Music" Douglas Moore.
- "ANÁLISIS". Ian Bent & William Drabkin.
- "STRUCTURAL FUNCTIONS IN MUSIC". Wallace Berry.
- "MUSIC FOR ANALYSIS. Exemples from the Common Practise Period and the Twentieth Century". Thomas E. Benjamin, Michael Horvit, Robert Nelson.
- ENFOQUES ANALÍTICOS DE LA MÚSICA DEL S.XX". Joel Lester.
- "ELEMENTOS CONSTITUTIVOS DE LA MÚSICA". Ernest Toch.
- "FUNDAMENTOS DE LA COMPOSICIÓN MUSICAL". Arnold Schoenberg.
- "EL ARTE DE LA COMPOSICIÓN MUSICAL". Paul Hindemith

➤ Instrumentación – Orquestación:

- "INSTRUMENTACIÓN". Peter Jost.

➤ Harmonía:

- "ARMONÍA". Arnold Schoenberg.
- "FUNCIONES ESTRUCTURALES DE LA ARMONÍA". Arnold Schoenberg.
- "ARMONÍA". Diether de la Motte.
- "ARMONÍA". Walter Piston.
- "ARMONÍA DEL SIGLO XX". Vincent Persichetti.
-

➤ Melodía – Contrapunto:

- "LA MELODÍA". Ernest Toch.
- "CONTRAPUNTO". Diether de la Motte.
- "CONTRAPUNTO". Walter Piston.
- "EJERCICIOS PRELIMINARES DE CONTRAPUNTO". Arnold Schoenberg.
- "TRATADO DE CONTRAPUNTO TONAL Y ATONAL". J. García Gago.

➤ Ritmo:

- "ESTRUCTURA RÍTMICA DE LA MÚSICA". Grosvenor Cooper & Leonard B. Meyer.
- "EL RITMO. SU ORIGEN, FUNCIÓN Y ACENTUACIÓN". Lussy, Mathis

➤ Forma:

- "TRATADO DE LA FORMA MUSICAL". Clemens Kühn.
- "THE FORM IN MUSIC" William Cole.

➤ Historia da música:

- "A HISTORY OF MUSICAL STYLE". Richard L. Crocker.
- "HISTORIA DE LA COMPOSICIÓN MUSICAL". Clemens Kühn
- "HISTORIA DE LA MÚSICA OCCIDENTAL". D.J.GROUT-C.V.PALISCA. .

ANEXO I

Actividade lectiva semi-presencial

A actividade lectiva semipresencial, só se contempla no caso de que as autoridades sanitarias e educativas impoñan o réxime de corentena a un ou varios alumnos dun grupo, ao grupo completo ou ao profesor ao longo do presente curso.

Xa que as aulas onde se imparten as clases do departamento, permite garantir o necesario distanciamento social para minimizar os riscos de contaxio e conta cos materiais adecuados para a desinfección dos postos do alumnado e do profesorado a actividade lectiva semi-presencial só se contempla en caso de producirse algún positivo confirmado na Covid-19 e sempre que as autoridades obriguen a gardar corentena aos contactos estreitos.

En tal caso, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado.

O docente remitirá ao alumnado confinado, por medio da aula virtual ou aplicacións gratuítas (Skype, Zoom, E-mail, WhatsApp, Telegram ou similares), o material do tratado na/s clase/s ás que non poida asistir, así como as actividades que o alumnado teña que realizar na casa durante o período de confinamento. O docente tamén terá que corrixir esas actividades e remitirille ao alumnado confinado as correccións/indicacións relativas ao traballo entregado.

O profesor deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsabeis educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

Modificacións nos procedementos de avaliación:

O traballo realizado polo alumnado durante o seu confinamento terase en conta na avaliación continua da materia. De coincidir o confinamento ca realización dunha proba presencial, escrita ou oral, o alumnado confinado realizará unha actividade alternativa proposta polo docente. Se esa proba fora o exame final o traballo telemático valorado de xeito global, fará media co traballado presencialmente, substituíndo ao exame final.

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da asignatura e poden ser consultados na páxina web do conservatorio.

Chegado o caso, e en función da duración dunha hipotética situación de suspensión longa da actividade presencial, o profesorado poderá axustar a presente programación didáctica para atender aos contidos máis básicos e imprescindibles da mesma.

ANEXO II

Actividade lectiva non presencial

No caso de que as autoridades decretasen unha nova suspensión xeral das actividades lectivas no noso centro ou en algún grupo concreto do mesmo, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da data na que se decretase tal escenario de xeito semellante ao que se produciu o curso 2019/2020.

O profesorado utilizará preferentemente ben o aula virtual do centro para o desenrolo da súa actividade, ou ben aplicacións gratuítas (Skype, Zoom, E-mail, WhatsApp, Telegram ou similares).

O profesorado deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsabeis educativos un sistema de comunicación alternativo que minimize a fenda dixital.

Modificacións nos procedementos de avaliación:

O traballo realizado polo alumnado durante o seu confinamento terase en conta na avaliación continua da materia. Non se realizarán exámenes presenciais. O traballo telemático, valorado de xeito global, substituirá ao exame final. De coincidir o confinamento ca realización dunha proba presencial, escrita ou oral, esta substituirase por unha actividade proposta polo docente. Se esa proba fora o exame final o traballo telemático valorado de xeito global, fará media co traballado presencialmente

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da asignatura e poden ser consultados na páxina web do conservatorio.

Chegado o caso, e en función da duración dunha hipotética situación de suspensión da actividade presencial, o profesorado poderá axustar a presente programación didáctica para atender aos contidos máis básicos e imprescindibles da mesma.